

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2017/2018

- **Primeira. Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da presente convocatoria de axudas favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Teo.

- **Segunda. Destinatarios/as e requisitos.**

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

-PRIMARIA E INFANTIL: todos os centros públicos do Concello (CEIP A Ramallosa, Os Tilos, Calo e CRA)

-ESO: IES de Cacheiras e Pontepedriña

-FP OU PCPI: calquera centro público

-BACHARELATO: IES de Cacheiras , IES de Pontepedriña e o alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de Bacharelato que non exista nos centros anteriores.

-UNIVERSITARIOS: calquera universidade galega.

-ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES: Calquera centro galego.

-O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.

b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base sexta da presente convocatoria.

c) Estar empadroado no Concello de Teo e ser fillo dependente economicamente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente economicamente. Consideraranse fillos

dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2017.

- d) Presentar certificado de matrícula (ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria) do/a alumno/a para o curso 2017/2018 (agás alumnos/as de Primaria, Infantil e ESO).
- e) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- f) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores, e no caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén os propios beneficiarios.
- g) Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte os estudantes dos centros situados fóra da área de influencia do TMG, o resto dos estudantes xa están bonificados pola tarxeta de transporte metropolitano que abrangue os centros situados en Santiago de Compostela e os 18 concellos situados na área do TMG. Alumnado de:
 - a. Formación Profesional
 - b. PCPI
 - c. Universitarios
 - d. Alumnado de Bacharelato que curse estudos no IES de Pontepedriña, ou noutro IES nalgunha modalidade que non se imparta no municipio.
 - e. Alumnado de ensinanzas artísticas superiores.

• **Terceira. Solicitudes e documentación necesaria.**

Documentación obrigatoria:

- a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Teo ou ben a través da páxina web: www.teo.gal

b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte **documentación**:

- ✓ Fotocopia do DNI do solicitante.
- ✓ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- ✓ Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2016 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar ou no caso de percibir pensións non contributivas deberá acreditarla mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar. Os fillos entre 18 e 25 anos inclusive, que perciban rendas e non figuren na declaración da renda dos pais aínda que residan con eles, deberán acreditar os seus rendementos e computarán como ingresos da unidade familiar.
- ✓ No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.
- ✓ Facturas **orixinais ou copia cotexada, ou no seu caso certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo**, que acrediten o gasto realizado en material escolar ou libros para o alumnado de primaria, infantil e E.S.O. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas en anos seguintes.
- ✓ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria para o alumnado

de Bacharelato, F.P., PCPI, universitarios, ensinanzas artísticas superiores e alumnado con necesidades educativas especiais.

- ✓ **Declaración responsable** de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e **autorización** ao Concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.

Documentación complementaria:

- ✓ Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- ✓ Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2017 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- ✓ Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

• Cuarta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

- a) A solicitude presentarse no rexistro xeral do Concello de Teo, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

• Quinta. Contía das bolsas

O Concello de Teo aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base terceira.

Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

CURSO	IMPORTE DA AXUDA
EDUCACIÓN INFANTIL	100 €
1º A 6º DE PRIMARIA, 1º, 2º, 3º E 4º DA E.S.O, PCPI,	100 €
ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	150 €
BACHARELATO, F.P.	150€
UNIVERSIDADE, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES	200€

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KMS	IMPORTE BOLSA
Centros situados en Santiago de Compostela e nos 18 Concellos que forman a área de influencia do transporte metropolitano de Galicia	50% da custe do viaxe para 40 viaxes. (información sobre condicións e solicitude de tarxeta na Concellería de Transporte do Concello de Teo)

Centros situados fóra dá área de influencia do TMG	200€
--	------

- **Sexta. Valoración das solicitudes**

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2016.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar**:

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2017.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (*artigo 13 da Lei 3/2011*). Para os efectos da *consideración da monoparentalidade*, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar	Puntuación
De 0 € a 4.000 €	6
De 4.001 € a 5.000 €	4
De 5.001 € a 6.000 €	2

As rendas per cápita superiores a 6.000€ non terán dereito a axuda de ensino, e as rendas per cápita superiores a 4.000€ non terán dereito a axuda de transporte.

Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

- a) Si algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
- b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2017 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

- **Sétima. Importe máximo e crédito orzamentario**

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en **35.000 €** e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do **exercicio 2018**, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real

Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

- **Oitava. Do procedemento de concesión das axudas**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

- **Novena.-Compatibilidade**

A percepción destas axudas será **compatible** coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

- **Décima.-Comisión avaliadora**

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

-A concelleira de Educación

-A interventora municipal

-O técnico da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local.

- A auxiliar de servizos económicos.

- **Onceava.-xustificación**

A documentación xustificativa presentarase no mesmo momento da solicitude.

-Xustificantes esixidos para as **axudas de ensino**:

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
PRIMARIA, INFANTIL E ESO	Facturas orixinais ou copias cotexadas que acrediten o gasto realizado en material escolar e libros

	ou no seu caso certificado do gasto en material expedido polo centro educativo
BACHARELATO,FP, PCPI, UNIVERSITARIOS,ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, ALUMNADO CON NEE	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria.

-Xustificantes esixidos para as **axudas de transporte**:

ALUMNOS DE:	TIPO DE XUSTIFICANTE
BACHARELATO, FP, PCPI, UNIVERSITARIOS, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES, ALUMNADO CON NEE	Certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria.

- **Disposición derradeira**

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo para o ano 2018 (como tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes.

Teo, 11 de setembro de 2017

A concelleira de educación

Maria Pilar Pérez Fagil

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE - CONVOCATORIA PÚBLICA COMPLEMENTARIA CURSO 2017/2018

DATOS DO/DA SOLICITANTE (PAI/NAI-TITOR/TITORA/ ALUMNOS ENTRE 18 A 25 ANOS)

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
IBAN: CC:	

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	
CURSO	
CENTRO DE ESTUDOS	

AXUDA SOLICITADA:	<input type="checkbox"/> AXUDA DE ENSINO
	<input type="checkbox"/> AXUDA DE TRANSPORTE

- **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA** (marque cun x)
(unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora ou alumnado entre 18 e 25 anos.

Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

Declaración responsable do/da solicitante segundo Anexo II.

- Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda): (unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

- Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2016.
- Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2016.
- Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.

• **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ACHEGA** (marque cun x):

- Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).
- Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2017.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

• **XUSTIFICACIÓN OBRIGATORIA DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE:**

- Facturas orixinais ou copias cotexadas, ou certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo (alumnado de Primaria, Infantil e ESO)
- Certificado da matrícula expedido polo centro educativo (Bacharelato, FP e universitarios/as, ensinanzas artísticas superiores, PCPI e alumnado con NEE).

Teo,dede 2017

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____
_____, con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a,
dos/das alumno/a, alumnos/as, alumnos solicitantes de 18 a 25
anos _____
_____,'

DECLARO:

- 1.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO:

- Ao concello de Teo para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2017/2018

_____, _____ de _____ de 2017

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Teo, 28 de setembro de 2017

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira